



NIL BY MOUTH

Gran Bretaña | 1997 | 128 min | Drama

DIRECCIÓN: Gary Oldman

GUIÓN: Gary Oldman

MÚSICA: Eric Clapton

FOTOGRAFÍA: Ron Fortunato

INTÉRPRETES: Kathy Burke, Charlie Creed-Miles, Edna Doré, Laila Morse, Ray Winstone, Chrissie Cotterill, Jamie Forman, Jon Morrison, Steve Sweeney

SINOPSE: Unha familia, que habita nun dos barrios máis desfavorecidos de Londres, vive sustentada polo impulso e o aguante das súas mulleres: Valeria, a súa nai Janet, a avoa Kath e a pequena Michelle, que viven azoutadas polos golpes da vida.

O guionista máis célebre do neorrealismo italiano, Cesare Zavattini, aconsellaba contar a realidade coma se fose unha historia. Medio século despois, Gary Oldman, no seu debut como realizador, conta unha historia coma se fose real.

Sen escatimar ningunha ferramenta do cine de ficción: actores profesionais, banda sonora de Eric Clapton, xogo calculado de luces e sombras..., o cineasta e guionista Gary Oldman desprega unha potencia narrativa tan notable que chega a convencernos de que todo o seu relato, se non está sucedendo, transcorre polo menos nun marco real.

Pero, como o consegue? Se observamos atentamente esta rotunda película, notamos que a cámara busca a sincronía, ocupa case sempre o lugar da enunciación. Salvo contadas excepcións, non encadra o que escoita, senón a quen fala e non se corta, nunca recorre á elipse para eludir o berro ou retirar discretamente o obxectivo do lugar do horror.

Vemos tamén que cada plano corresponde a unha mirada, está animado por unha subxectividade propia. Ás veces coincide co espectador e sentimos que a imaxe nos acolle, fainos cómplices até o punto de incomodarnos; outras, sobre todo nas escenas exteriores tomadas con teleobxectivo, activa unha mirada espía e deixa o relato aparentemente desnortado, movéndose dun lado a outro mentres segue de lonxe os personaxes, que reencadra intercalando capas diversas: rúas transitadas, escaparates luminosos, peóns anónimos que atravesan o plano... De maneira hipnótica, o realizador parece dicirnos: "Non peches os ollos. O que ves non é mera imaxe. Existe e seguirá existindo, máis alá do seu pestanexo visual".



Sen remarcalo, o contexto onde se sitúa a historia, legado de quen gobernou e demostrou ser inimiga da clase traballadora, non pode ser máis negro: o desemprego segue sendo masivo (ningún home na película parece ter oficio), as fábricas están pechadas, as comunidades destruídas, a violencia campa nas rúas... Mentres os homes negocian de forma ilegal e bañan as súas noites ociosas con tabaco, sucias historias e alcohol, as mulleres sosteñen a casa despois do traballo.

Nesta xungla, as familias sobreviven como comunidades mafiosas: a violencia é o motor e o tráfico de drogas o seu alimento. E todos eles comparecen ante a cámara sen que o cineasta tome partido, buscando sempre o punto máis agresivo e fráxil de vítimas e verdugos, indagando nunha rede complexa de sentimentos, que sobreviven como as vellas cancións: pese a que o meu pai me ameace, *my heart belongs to daddy*; aínda que me dese os golpes máis duros da miña vida, *I love my mister man*. Non en van, Gary Oldman dedícalle a película ao seu pai, quen abandonou a súa familia cando tiña apenas seis anos. Unha ausencia, un silencio (cero, nada na boca, como indica o título), que o cineasta, non obstante, transformou en rabiosa humanidade.

Daniel Gascó



SINOPSIS Una familia que habita en uno de los barrios más desfavorecidos de Londres, vive sustentada por el impulso y el aguante de sus mujeres: Valeria, su madre Janet, la abuela Kath y la pequeña Michelle, que viven azotadas por los golpes de la vida.

El guionista más célebre del neorrealismo italiano, Cesare Zavattini, aconsejaba contar la realidad como si fuese una historia. Medio siglo después, Gary Oldman, en su debut como realizador, cuenta una historia como si fuese real.

Sin escatimar ninguna herramienta del cine de ficción: actores profesionales, banda sonora de Eric Clapton, juego calculado de luces y sombras..., el cineasta y guionista Gary Oldman despliega una potencia narrativa tan notable que llega a convencernos de que todo su relato, si no está sucediendo, transcurre al menos en un marco real.

Pero, ¿cómo lo consigue? Si observamos atentamente esta rotunda película, notamos que la cámara busca la sincronía, ocupa casi siempre el lugar de la enunciación. Salvo contadas excepciones, no encuadra al que escucha, sino a quien habla y no se corta, nunca recurre a la elipsis para eludir el grito o retirar discretamente el objetivo del lugar del horror.

Vemos también que cada plano corresponde a una mirada, está animado por una subjetividad propia. A veces coincide con el espectador y sentimos que la imagen nos acoge, nos hace cómplices hasta el punto de incomodarnos; otras, sobre todo en las

escenas exteriores tomadas con teleobjetivo, activa una mirada espía, dejando el relato aparentemente desnortado, moviéndose de un lado a otro mientras sigue de lejos a los personajes, que reencuadra intercalando capas diversas: calles transitadas, escaparates luminosos, peatones anónimos que atraviesan el plano... De manera hipnótica, el realizador parece decirnos: "No cierres los ojos. Lo que ves no es mera imagen. Existe y seguirá existiendo, más allá de su parpadeo visual".

Sin remarcarlo, el contexto donde se ubica la historia, legado de quien gobernó y demostró ser enemiga de la clase trabajadora, no puede ser más negro: el desempleo sigue siendo masivo (ningún hombre en la película parece tener oficio), las fábricas están cerradas, las comunidades destruidas, la violencia campa en las calles... Mientras los hombres trapichean y bañan sus noches ociosas con tabaco, sucias historias y alcohol, las mujeres sostienen la casa después del trabajo.

En esta jungla, las familias sobreviven como comunidades mafiosas: la violencia es el motor y el tráfico de drogas su alimento. Y todos ellos comparecen ante la cámara sin que el cineasta tome partido, buscando siempre el punto más agresivo y frágil de víctimas y verdugos, indagando en una red compleja de sentimientos, que sobreviven como las viejas canciones: pese a que mi padre me amenace, *my heart belongs to daddy*; aunque me haya dado los golpes más duros de mi vida, *I love my mister man*. No en vano, Gary Oldman dedica la película a su padre, quien abandonó a su familia cuando tenía apenas seis años. Una ausencia, un silencio (cero, nada en la boca, como indica el título), que el cineasta, sin embargo, ha transformado en rabiosa humanidad.

Daniel Gascó

